



VIÑOS BRANCOS

- **CONDADO BRANCO SELECCIÓN**
- **LOUREIRA BRANCA MONOVARIETAL**
- **ALBARIÑO SOBRE LIAS**

VINOS ROSADO:

- ❖ **MENCIA ROSADO NANDE**

VIÑOS TINTOS:

- **SOUSON**
- **ESPADEIRO**
- **BRANCELLAO**
- **TINTO SELECCION**



CAZA
XUNZANZA
SEÑORÍO DE RUBIÓS-AS NEVES
(PONXEVEDRA)
26 DE MARZO DE 2022

COLECCIÓN MANUEL D'AMARO

A filosofía da adega sempre foi recuperar e manter os viños, variedades, tradición e historia desta zona. A de continuar cunha obra que comezaron os nosos devanceiros e que queremos transmitir ás xeracións vindeiras. Pretendemos que a esencia destas terras do Condado se transmita en cada un dos nosos viños. Señorío de Rubiós quere que se exprese en cada un dos viños o coidado co que os viticultores coidaban as vides. Recuperar e consolidar estas variedades autóctonas, descoñecidas fóra de Galicia pero cun alto potencial enolóxico, e dalas a coñecer son, sen dúbida, os obxectivos do Señorío de Rubiós.

Na nova imaxe de Manuel D'Amaro mestúranse tradición e modernidade. Unha imaxe de liñas sinxelas na que queremos plasmar a esencia, a historia, a tradición, a verdade desta terra. Un selo que serve ao mesmo tempo para homenaxear aos viticultores desta zona, aos nosos viticultores, así como aos nosos devanceiros, xa que eles foron os que co seu cariño e coidado nos permitiron ter na actualidade o privilexio de contar con viñedos de Pedral, Sousón, Caíño, Espadeiro e Brancellao.

Esta homenaxe aos viticultores está personificada na figura de Manuel D'Amaro, falecido hai apenas uns anos. Manuel foi un dos impulsores da creación da adega, un dos socios fundadores, un dos máximos defensores das variedades desta zona, amante dos tintos Rubiós. Manuel foi un traballador constante, un viticultor as 24 horas do día, un autodidacta humilde e unha persoa real con valores que soubo transmitir a súa paixón. Era auténtico e así o transmitiu, e así o queremos transmitir.

As viñas eran a súa devoción, o traballo no campo, o coidado e a dedicación con que trataba as viñas eran a súa realidade, a súa verdade. Foi para nós o mellor exemplo e iso é o que queremos amosar: esa realidade, esa verdade.

Manuel está presente en cada un dos viños da gama Manuel D'Amaro xa que, a primeira vista, a súa boina pódese ver en todas as etiquetas. Todos os que o coñecían sabían que sempre levaba unha boina que, ao mesmo tempo, transmitía tradición, carácter, personalidade, pero tamén modernidade. Como dixo Castelao, "non hai nada máis moderno que a tradición".

Pero tamén está presente cunha frase en cada viño. En poucas palabras, podes ler o que cada un dos viños simbolizou para el. É unha frase curta que para algúns pode ser unha frase sinxela, sen sentido, pero que reflicte a súa visión, o que sentía por cada un dos viños, a súa verdade. E agora é a verdade da adega. Manuel dixo: *"O Caíño é o rei do viño, O Espadeiro é unha maravilla, Pedral, quédome contigo, O Sousón é ouro de lei, Albariño, sincero e agradable, bo amigo, Un Albariño sobre lías, para os mellores días"*